

UGT-GALICIA CONMEMORA ESTE 25N CON DIVERSOS ACTOS E DEFENDENDO CONTORNAS LABORAIS LIBRES DE VIOLENCIAS MACHISTAS

O Sindicato reclama delegadas de igualdade nos centros de traballo

Redacción.- UGT-Galicia, ante o 25N, Día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres, reitera o seu compromiso coa erradicación de calquera forma de violencia contra as mulleres e fai un chamamento ás traballadoras e traballadores e ao conxunto da cidadanía para combatela ata a súa total eliminación, tanto dos centros de traballo como da sociedade no seu conxunto. Neste contexto o Sindicato fai unha firme condena aos discursos negacionistas da violencia de xénero e antifeministas que poñen en perigo os avances e revitimizan ás mulleres sobreviventes.

En Galicia, dende o 2003, 74 mulleres asasinadas e 3 menores

As cifras seguen a ser escandalosas. Dende o 2003, 1.331 mulleres foron asasinadas pola súa parella ou exparella, 36 delas no que vai de 2025 (a 5 de novembro); 65 menores foron vítimas mortais e 485 menores quedaron en situación de orfandade como consecuencia de asasinatos machistas. En Galicia, con datos a 10 de novembro, 74 mulleres foron asasinadas dende 2003 e 2 no que vai de 2025. Un total de 3 menores foron asasinados dende 2003 e 23 menores quedaron en situación de orfandade, dous deles este ano.

21 denuncias diarias en Galicia e un máximo de condenados no 2024, 162

O número de denuncias por violencia na parella ou exparellas foi de 199.093 no 2024, máis de 545 denuncias diarias. En Galicia o número total foi de 7.602, 119 máis que no 2023, o que supón 21 denuncias diarias.

En canto aos condenados por delitos sexuais, nesta Comunidade, no 2024 acádase un máximo, con 162 condenados.

Tendo en conta os datos do Ministerio do Interior, no 2024 denunciáronse 14 violacións diarias e 43 agresións sexuais (sen penetración) ao día, dúas cada hora. En

Galicia no 2024 houbo 180 violacións e 612 agresións sexuais. E os cibercrimes medran nesta Comunidade un 19,8%, no 2024 con respecto ao 23, máis que no Estado, onde o crecemento foi do 15,4%.

No 2024, un total de 1.794 vítimas de redes de trata e de explotación sexual ou laboral, 32 menores, foron liberadas en España no 2024. En Galicia hai identificadas 573 persoas en situación de risco por trata de seres humanos e explotación sexual.

As violencias machistas tamén se dan na contorna laboral, especialmente o acoso sexual e o acoso por razón de sexo, unha realidade moitas veces invisibilizada. UGT traballa para establecer protocolos para formalizar con garantías os procedementos de investigación dos casos, atención ás mulleres e sanción dos acosadores, sendo un obxectivo sindical fundamental erradicar estas prácticas e conseguir espazos laborais libres de todas as formas de violencia contra as mulleres.

Para isto, cóntase con instrumentos como os protocolos fronte ao acoso sexual e o acoso por razón de sexo que se implantaron nos centros de traballo a través da negociación colectiva dos convenios e plans de igualdade. UGT vai seguir reivindicándoos alí onde aínda non existen. Non obstante, o Sindicato considera que hai que incrementar os recursos e propón a creación da figura dun/dunha de-

legado/a sindical de igualdade nas empresas, entre cuxas funcións estaría o asesoramento en violencias machistas.



Máis de 700.000 mulleres ao ano vítimas de acoso no traballo

Aínda que non existen datos oficiais sobre a dimensión deste problema, máis que os aproximados por enquisas, sábese que está moi estendido. Segundo a enquisa europea de violencia de xénero, en España afecta a máis de 700.000 mulleres ao ano. Moitos casos non se denuncian e acaban en baixas médicas ou mesmo coas mulleres abandonando os seus postos de traballo. Unha realidade intolerable que urxe combater.

Por todo isto, UGT-Galicia esixe tolerancia cero fronte ás violencias contra as mulleres; ínstase ás administracións a que dediquen os recursos necesarios para loitar contra esta lacra; demanda que se executen as medidas aprobadas no novo Pacto de Estado contra as violencias de xénero, cun orzamento suficiente e cunha rede pública de atención integral de calidade as 24 horas do día os 365 días do ano; subliñase a importancia do eido laboral para garantir a autonomía das mulleres e, por iso, reclámase o reforzo e revisión das políticas activas de emprego para as mulleres vítimas; mellora dos instrumentos estatísticos para dar conta das violencias machistas no eido laboral para darlles visibilidade; reclámase a aplicación do Convenio 190 da OIT sobre violencia e acoso; e tamán se demandan medidas para poñer freo a plataformas e

medios dixitais que sexan instrumentos para a violencia machista e a explotación da prostitución.

As sedes de UGT en Galicia son puntos violeta

Pola súa banda, UGT-Galicia comprométese a formar e sensibilizar a todo o seu activo sindical fronte ás violencias machistas para que exerzan como barreira; negociar e aplicar os protocolos de acoso sexual e acoso por razón de sexo; negociar plans de igualdade e medidas de acción positiva na negociación colectiva; e colaborar coas administracións e asociacións de mulleres na loita pola erradicación desta lacra, neste senso, as sedes de UGT en Galicia estanse a converter en puntos violeta, xa asumiron esta situación as sedes de Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo e o propio 25N foi a sede de Santiago a que se converteu en punto violeta.



A SEDE DE UGT EN SANTIAGO XA É UN PUNTO VIOLETA

Redacción.- Neste 25N, Día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres, en Santiago, ademais da concentración que tivo lugar fronte á sede dos sindicatos, UGT-Galicia organizou un acto no que se presentou a sede do Sindicato como punto violeta, un lugar seguro para a muller. Un lugar no que se preste apoio a posibles vítimas de violencia de xénero e no que se atendan as demandas de información sobre como actuar e acceder aos recursos públicos dispoñibles.

No acto de presentación, o secretario xeral de UGT-Galicia, Cristóbal Medeiros, explicou que coa instauración dos puntos violeta cumprese co mandato do 14 congreso de UGT-Galicia. Engadiu que UGT leva décadas defendendo os dereitos das mulleres traballadoras e combatendo todas as formas de discriminación e violencia pero o Sindicato é consciente de que non abonda con denunciar: hai que poñer ferramentas concretas ao alcance das persoas que o precisan e os puntos violeta son unha achega neste senso.

Pola súa banda, a secretaria de Igualdade de UGT-Galicia, Trinidad Campos, fixo fincapé en que a violencia machista non é un problema individual, nin doméstico, nin pri-

vado. É un grave problema social, que se manifesta tanto dentro dos fogares como nos centros de traballo, nas rúas, nas redes, na vida cotiá de miles de mulleres. E, por iso, como sociedade e como sindicato, temos a responsabilidade de actuar, puntualizou.

Campos destacou que o ámbito laboral é clave porque a moitas das mulleres que sofren violencia se lles complica conservar o emprego, pedir permisos, cambiar quendas ou mesmo contarlle á súa delegada sindical o que lle pasa. Co Punto Violeta, refórzase o papel do Sindicato de apoio e protección, para que o traballo sexa realmente un espazo seguro.

Finalmente, o subdelegado do Goberno na Coruña agradeceu a contribución do sindicato para chegar “a todos os recunchos do



territorio” e reafirmou a disposición do Goberno de seguir traballando con todos os actores sociais galegos para reforzar a rede de apoio ás mulleres vítimas de violencia machista.

UGT SSPP CHEGA A UN ACORDO CO SERGAS EN ATENCIÓN PRIMARIA QUE PERMITIRÁ REFORZAR EQUIPOS, GARANTIR UNHA MELLOR ORGANIZACIÓN ASISTENCIAL E OFRECER UNHA ATENCIÓN DE MAIOR CALIDADE Á CIDADANÍA

Redacción.- Despois dunha longa e complexa negociación co Servizo Galego de Saúde (SERGAS), as organizacións sindicais UGT, CSIF e CCOO anunciaron a desconvocatoria da folga de Atención Primaria de Galicia, prevista para o día 26 de novembro.

A decisión chega tras presentar o SERGAS un documento no que acepta a totalidade das demandas sindicais, o que supón unha clara mellora das condicións económicas, organizativas e laborais de todo o persoal de Atención Primaria, reivindicacións que levaban anos pendentes de solución.

Principais melloras acadadas:

- Retirada íntegra das medidas incluídas no documento de 17 de outubro.
- Extinción da categoría de FEAP, que se culminará a finais de 2029.
- Compromiso para negociar un Plan de Ordenación de Recursos Humanos nun prazo máximo de 6 meses.
- Retirada do aplicativo de xornada

dos PAC.

- Equiparación do valor hora da enfermaría de PAC co persoal das unidades e servizos.
- Recoñecemento dos venres como día pre-festivo para o persoal médico de PAC.
- Actualización do complemento de manutención a 15 €.
- Compensación en días dos festivos que coincidan en sábado.
- Consolidación do servizo de transporte (taxi) en Atención Primaria.
- Dotación de recursos materiais para centros de saúde e PAC.
- Implantación de novas categorías profesionais para reforzar a carteira de servizos de Atención Primaria.
- Análise e garantía das ratios profesionais, asegurando o 1:1 entre medicina de familia e enfermaría.
- Compromiso dun máximo de 30

asistencias por equipo nos PAC.

- Aplicación do pago por TIS (tarxeta individual sanitaria) a todo o persoal de AP.
- Análise das cargas de traballo do persoal administrativo para axustalas ás ratios establecidas.
- Definición de postos de difícil cobertura e implantación de incentivos asociados.
- Convocatoria do concurso específico de Enfermería Familiar e Comunitaria no primeiro trimestre de 2026.
- Retirada de calquera medida relacionada coa homologación do título de Medicina Familiar e Comunitaria.

UGT, CSIF e CCOO destacan que este acordo supón un avance histórico para a Atención Primaria galega e pon fin a anos de precarización, falta de recursos e ausencia de planificación real. As melloras permitirán reforzar os equipos, garantir unha mellor organización asistencial e ofrecer unha atención de maior calidade á cidadanía.

UGT REXEITA OS EREs PRESENTADOS EN TELEFÓNICA E ESIXE QUE CALQUERA MEDIDA SEXA VOLUNTARIA E BASEADA EN PREXUBILACIÓNS

Negociación inseparable do marco de garantías colectivas e non haberá acordos parciais

Redacción.- Tras a constitución das mesas de negociación do proceso de consultas relativo aos despedimentos colectivos anunciados nas sociedades do Grupo Telefónica, anunciouse unha afectación global de 6.088 persoas.

Desde UGT non compartimos nin consideramos xustificada a necesidade de recorrer a despedimentos colectivos como mecanismo de axuste ante os retos expostos no plan estratéxico presentado o pasado día 4 de novembro. Existen alternativas viables, tanto en materia de emprego como na organización do traballo, que deben ser analizadas e priorizadas antes de aceptar a destrución de postos de traballo.

A nosa prioridade é clara: preservar o emprego reducindo a afectación ini-

cialmente exposta. Ao tempo, que dando cumprimento ao mandato legal, negociaremos e esixiremos que calquera medida sexa estritamente voluntaria, con carácter universal e baseada en procesos de prexubilación.

Negociación inseparable do marco de garantías colectivas

Para UGT, os expedientes de regulación de emprego e a negociación da prórroga dos convenios colectivos do grupo son procesos inseparables. Non se pode falar de futuro ou transformación das empresas sen garantir previamente a estabilidade laboral e a continuidade dos dereitos colectivos.

Ademais, a nosa posición abarca non só ás sete sociedades afectadas

polos ERE, senón ao conxunto do Grupo Telefónica en España. Por este motivo, UGT mantén a súa solicitude de estender a vixencia dos acordos existentes ata 2030, co obxectivo de reforzar a protección laboral, económica e social de todo o persoal.

Non haberá acordos parciais

UGT reafirma que non aceptará acordos parciais.

As sete mesas de negociación relativas aos despedimentos colectivos, así como as prórrogas dos distintos convenios colectivos, deben avanzar de maneira coordinada e pecharse simultaneamente, garantindo un marco global de estabilidade e dereitos que podamos apoiar.

FeSMC DENUNCIA A DESTRUCCIÓN SISTEMÁTICA DE EMPREGO EN EOS SPAIN NA SEDE DA CORUÑA

Redacción.- A Sección Sindical de UGT do Comité de Empresa de EOS Spain, S.L.U. denuncia publicamente a alarmante e continua destrución de postos de traballo que está a levar a cabo a empresa EOS Spain, S.L.U., na súa sede da Coruña, desde hai meses. Segundo os datos recompilados pola citada Sección Sindical, 20 postos de traballo foron eliminados no último ano, afectando gravemente ás persoas traballadoras e ás súas familias.

Estamos a presenciar un desmantelamento encubierto do persoal da Coruña, a empresa EOS Spain, S.L., está a

utilizar diversas estratexias para reducir o seu persoal, sen tentar unha recolocación das persoas traballadoras, tendo a maior parte delas moitos anos de traxectoria na empresa. Isto non é unha reestruturación, é unha destrución sistemática de emprego na nosa cidade.

A Sección Sindical UGT do Comité de Empresa de EOS Spain, S.L.U. acusa á dirección de EOS Spain, S.L.U., de falta de transparencia e de non informar nin negociar cos representantes das persoas traballadoras as medidas que están a levar a cabo. Solicitouse por parte desta Sección Sindical, en reitera-

das ocasións, información detallada sobre os plans da empresa, pero non recibiu respostas satisfactorias.

A situación está a xerar gran incerteza e preocupación entre as persoas traballadoras de EOS Spain, S.L.U. A Sección Sindical UGT do Comité de Empresa de EOS Spain, S.L.U., esixe á dirección da empresa que deteña a destrución de emprego e que se abra un proceso de negociación real cos representantes das persoas traballadoras para buscar alternativas que garantan o mantemento do emprego e o futuro do centro de traballo da Coruña.

A 1 DE XANEIRO DE 2026 BOA PARTE DOS SERVIZOS DOS TRIBUNAIS DE INSTANCIA DAS SETE LOCALIDADE MÁIS GRANDES DE GALICIA PODERÍAN QUEDAR PARALIZADOS

UGT DENUNCIA CAOS ORGANIZATIVO NA IMPLANTACIÓN DOS TRIBUNAIS DE INSTANCIA EN GALICIA

Redacción.- UGT-Xustiza denuncia a xestión da Dirección xeral de Xustiza e o caos organizativo que está a provocar na implantación dos tribunais de instancia en Galicia. Dende UGT-Xustiza criticase o xeito de facer as cousas, así como as dificultades de comunicación coa parte social. Precisan: regulamentacións irregulares das comisións de servizo, un caótico proceso de reorganización dos cadros de persoal de Xustiza, a parálise da ordenación e a convocatoria das bolsas de traballo do persoal interino, falta de transparencia na toma de decisións... Todo isto provocou que nestes últimos tres anos as queixas ante a Valedora do Pobo contra a Dirección xeral de Xustiza fosen numerosas, o que obrigou á intervención da Valedora en varias ocasións.

A reorganización do persoal, a gota que colmou o vaso

Non obstante, dende UGT-Xustiza apúntase que este ano a reorganización do persoal dos xulgados foi a gota que colmou o vaso. A Dirección xeral de Xustiza está mover ao persoal duns postos a outros sen ningún xeito, amosando un total descoñecemento tanto das cargas de traballo dos órganos xudiciais como do que se fai neles.

Non se pode esquecer que 1 de cada 5 postos de traballo veranse



afectados directamente, o que provocará que a 1 de xaneiro de 2026 boa parte dos servizos dos tribunais de instancia das sete localidade máis grandes de Galicia poidan quedar paralizados. Estancamento que, ademais, é moi posible que se manteña no tempo, dado que a implantación tecnolóxica da nova aplicación de xestión procesual (Atenea) vai moi por detrás á do resto de comunidades autónomas, debido ao deficiente funcionamento da Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) e a que a Dirección xeral é incapaz de xestionar co Ministerio de Xustiza (que é quen lle cede gratuitamente a aplicación á Xunta) a súa posta en marcha. Estase a finais de

novembro e ninguén na Dirección Xeral de Xustiza sabe como se vai traballar nos tribunais de instancia a partir do 1 de xaneiro de 2026.

UGT calcula que, debido á precipitada e caótica xestión da Dirección Xeral de Xustiza, en Galicia producirase un atraso na duración dos procedementos na contorna do 50% respecto ao resto das comunidades autónomas. O que aínda se podería ver agravado se algún dos múltiples recursos que se están presentando ante tanta confusión e desorde chega a ser estimado, porque entón habería que volver á casa de saída, deixando a Galicia no furgón de cola da Administración de Xustiza en España.

A FUNDACIÓN LUÍS TILVE E A DELEGACIÓN DO GOBERNO ORGANIZARON NA CORUÑA E LUGO SENDAS XORNADAS SOBRE A TRANSICIÓN

Redacción.- As xornadas organizadas pola Delegación do Goberno e a Fundación Luís Tilve, dentro do Programa “España en liberdade. 50 anos”, impulsado polo Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática, deron comezo este luns e mércores na Coruña e en Lugo, respectivamente, coa participación de historiadores como Emilio Grandío e Tamara López, que abordou o que supuxo o Franquismo para a muller e os cambios, deficitarios, que trouxo a Transición no conceniente ás políticas de xénero, cuxa transformación real non se rematou ata fai ben pouco, coa lexislación do divorcio, do adulterio, a potestade dos maridos sobre as mulleres, dos delitos de abandono do fogar por parte da muller, o aborto, a violencia de xénero, etc. Unha Transición inacabada, neste e noutros aspectos, en boca dalgúns dos participantes, que habería que acadar.

Estes “Diálogos da Transición democrática”, contou tamén co testemuño de protagonistas daqueles anos, como o ex-deputado socialista, Francisco “Tuco” Cerviño, ou o exsenador socialista, Xaime “Chuspe” Barreiro, que fixeron unha vívida exposición do que supuxeron aqueles anos, da ilusión polo cambio, pero tamén do terror que supoñía actuar naquelas condicións de falta de liberdade, nunhas circunstancias moitas veces dramáticas, cun Tribunal del Orden Público que no ano 75 aínda tiña abertas centos de causas. Unha loita polo cambio no que, como analizou “Chuspe”, resultou fundamental a implicación da emigración, que retornaba con novas ideas e vivencias democráticas e sindicais, o movemento estudantil, o movemento obreiro dende as fábricas, o movemento veciñal, e incluso o turismo, que traía novas ideas e aperturismo. O

cambio non foi cousa dos políticos, nin de un só actor, senón de todos os que participaron nesa Transición de réxime. Porque como manifestaron estes e algúns dos presentes, no se tratou dunha ruptura, senón dunha cesión entre as partes, que tiveron a suficiente altura de miras como para mirar adiante e traballar colectivamente nunha construción de país, en positivo. Se fixo o que se puido, e coa correlación de forzas que había, non foi pouco, manifestou Tuco. Falar dende o presente é moi sinxelo.

Nestes actos, que levan por subtítulo “Educando nunha historia con Memoria”, non podía faltar tampouco a presenza de docentes que colaboran con actividades de Memoria nos seus centros e que colaboran coas asociacións de Memoria, como Xosé Lois Gómez, ou José Antonio Pérez, que expuxeron as accións que están levando a cabo cos rapaces e o bo resultado que estas estaban dando, como demostrou a estatística do estudo presentado por Gómez, que puña de relevo que a maior formación en memoria e valores democráticos, maior era a porcentaxe de rapaces que apoiaban a democracia, mentres que cando esta formación era menor ou nula, o apoio dos mozos o autoritarismo e incluso a unha ditadura, ascendía ata o 51% dos enquisados. Non obstante, se manifestou a falta de propostas deste tipo nos centros e dende as administracións, que son máis necesarias que nunca, sobre todo tendo en conta a forza que están tendo as redes sociais na desinformación.



Nestas xornadas, que estiveron moderadas polo secretario da Fundación, Roxelio Pérez Poza, interviñeron o delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco, e a subdelegada do Goberno en Lugo, Olimpia López, que manifestaron a necesidade destes actos ante a involución democrática que está tendo lugar a nivel mundial e agradeceron o papel de asociacións como a Luís Tilve. Tamén se contou coa presenza do secretario xeral de UGT-Coruña e Cee, Ángel Iglesias; e de UGT-Lugo, Lemos, Costa Lucense, Ángel Tomé, que veñen apoiando tódolos actos que neste senso se organizan dende a nosa Fundación, conscientes da importancia que ten a formación dos traballadores e dos cidadáns, e especialmente dos nosos mozos, para que saiban distinguir entre unha ditadura e unha democracia, e o que costou acadar esta última.

AS NÓMINAS DOS EMPREGADOS PÚBLICOS INCREMENTARÁNSE NOVE PUNTOS NUN PRAZO DE 13 MESES, GRAZAS AO ACORDO MARCO PARA A MELLORA DO EMPREGO PÚBLICO E O SERVIZO Á CIDADANÍA

Redacción.- O Ministerio de Función Pública e os sindicatos UGT Servizos Públicos e CSIF alcanzaron un acordo que permitirá a recuperación do poder adquisitivo a case tres millóns e medio de empregados e empregados públicos, que verán incrementadas as súas nóminas entre 2025 e 2028 en 11,5 puntos —cos esvaramentos—.

O documento, que leva por título “Acordo Marco pola mellora do emprego público e o servizo á cidadanía”, mellora as

retribucións 2025-2028; elimina a taxa de reposición de efectivos; axiliza e mellora os procesos selectivos; establece novas modalidades de promoción interna e incrementa, nas ofertas de emprego público (OPE), o número de prazas destinadas á atención á cidadanía. Ademais, en 2026 revisaranse á alza os complementos de residencia, insularidade e



indemnizacións por razón de servizo, con criterios de igualdade, entre outras medi-

das.

O Acordo Marco pola mellora do emprego público e o servizo á cidadanía ten un incremento dos salarios das empregadas e empregados públicos un dos seus eixos fundamentais. O texto pactado contempla:

2025: aumento do 2,5 %, que será consolidable, terá carácter retroactivo ao 1 de xaneiro de 2025 e será abonado en decembro.

2026: subida do 2 % (1,5 % fixo, máis 0,5 % variable se o IPC é igual ou superior ao 1,5 %). Este medio punto cobrarase no primeiro trimestre de 2027 con carácter retroactivo desde xaneiro de 2026.

2027: incremento do 4,5 %; 2028: subida do 2 %.

Os salarios públicos recuperarán deste xeito tres puntos de poder adquisitivo (exactamente, un 2,83 %). Nun prazo de trece meses (xaneiro de 2027), as nóminas rexistrarán un incremento do 9 %. O aumento total real durante o período de vixencia do acordo será do 11,43 %, incluídos os esvaramentos/arrastres.

Xunto ao incremento dos salarios das empregadas e empregados públicos, o acordo contempla a eliminación da taxa de reposición de efectivos, unha reivindicación de UGT Servizos Públicos desde hai anos. A taxa de reposición, posta en marcha con ocasión dos recortes levados a cabo por mor da crise de 2008, foi un mecanismo que dificultou a renovación dos cadros de persoal e que incidiu nas altas taxas de temporalidade dentro das administracións.

O documento presta especial atención á promoción interna, con cursos selectivos e o desenvolvemento de novas modalidades, así como unha formación homologada que facilite a promoción, a carreira e a mobilidade das empregadas e empregados públicos. Tamén se convocarán concursos de méritos permanentes e abertos como mecanismo ordinario para a provisión de postos de traballo. Outro punto destacado é que a execución e o desenvolvemento das ofertas de emprego público se leven a cabo no prazo dun ano.

O acordo marco inclúe o compromiso de incrementar nas OPE o número de prazas destinadas á atención á cidadanía e garantir a prestación presencial do servizo e,

de maneira complementaria, a atención telefónica e electrónica. Tamén prevé diversas medidas relacionadas coa igualdade e a non discriminación, como a eliminación da brecha salarial por razón de xénero ou a atención integral das persoas vítimas de violencia de xénero.

As empregadas e empregados públicos verán actualizado o réxime de permisos existente, así como os permisos vinculados por mor de forza maior, atención a necesidades familiares, vulnerabilidade e enfermidades graves, e revisaranse os programas de acción social.

Co obxectivo de mellorar a cualificación, poñerase en marcha un plan de competencias dixitais que garantirá o acceso para todas as empregadas e empregados públicos e establecerá un itinerario que contemple varias fases formativas. Finalmente, tamén se activará o Observatorio do Emprego Público, creado en virtude do Real Decreto 868/2010, do 2 de xullo, que estará encargado de realizar o seguimento da calidade dos servizos e do emprego público, así como de analizar o impacto da implantación da dixitalización.

UGT CELEBRA O SEU II COMITÉ CONFEDERAL

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores (UGT) celebrou este mércores o seu II Comité Confederal tras o 44º Congreso do sindicato. Na súa intervención no Comité, o secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, condenou as cifras da violencia machista: “é unha secuela e podemos acabar con ela. Hai que traballar con todos os medios para poñer fin a esta situación”, sinalou con motivo da celebración do 25N esta semana.

“A loita contra a violencia machista hai que facela desde todos os puntos de vista e os centros de traballo poden servir para axudar ás vítimas”, incidiu. Ademais, Álvarez criticou aos negacionistas da violencia machista: “é darlles ás aos maltratadores”.

Doutra banda, o secretario xeral de UGT falou de sinistralidade laboral e mostrou a solidariedade do sindicato cos mineiros recentemente falecidos en Cangas de Narcea. Sobre outras cuestións relacionadas coa actualidade, Álvarez lembrou o aniversario da morte do ditador Francisco Franco: “conmemóranse 50 anos de liberdade, de loita e continuar na loita por esa liberdade”, explicou.

Do mesmo xeito, Álvarez lembrou que “vai facer 100 anos que morreu Pablo Iglesias e este é un bo momento para recoñecer o seu legado”. Así, explicou que “é un orgullo ter un fundador como el e seguir aquí 137 anos despois, coa cabeza moi alta e moita dignidade”.

O secretario xeral anunciou que o día 1 de decembro inaugurarase unha exposición sobre a súa vida na sede do PSOE tras unha reunión das executivas confederais do partido e o sindicato. Ademais, o día 9 de decembro terá lugar un acto homenaxe no salón de actos da sede de UGT.

O secretario xeral tamén falou sobre cuestións relacionadas co panorama internacional. Así, Álvarez sinalou que a situación de Palestina “é dramática”. En referencia coa guerra en Ucraína, o secretario xeral criticou que o presidente de EEUU, Donald Trump, estea “ao ditado de Putin”.

Sobre a Unión Europea (UE), Álvarez remarcou que “continuamos sen entrar no fondo da vertebração da UE”, en referencia ás políticas sociais, medio ambientais ou en relación coa defensa, remarcou. “A Confederación Europea de Sindicatos está a traballar nun proceso de mobilizacións para atallar esa situación”, anunciou.

Sobre a actualidade en España, Álvarez reclamou “unha Xustiza independente que estea ao servizo da lei”.



Por último, Álvarez sinalou que hoxe, UGT é “máis e mellor sindicato” con preto de 110.000 delegadas e delegados, traballando seriamente en relación con todo o que ten que ver coa afiliación e as eleccións sindicais.

“O SMI, o AENC, a reforma do despedimento e toda unha serie de cuestións que teñen que ver coas competencias das CCAA deben ser obxecto da proposta sindical prioritaria”, finalizou Álvarez, que tamén incidiu en que o difícil acceso á vivenda tamén é un problema económico, ademais de social, polo que será unha das prioridades do sindicato.

UGT E CCOO PROPOÑEN QUE O SMI SUBA UN 7,5% EN 2026

Redacción.- O vicesecretario xeral de Política Sindical de UGT, Fernando Luján, e o secretario de Acción Sindical e Transicións Estratéxicas de CCOO, Javier Pacheco, ofreceron este martes unha rolda de prensa na que se presentaron as propostas de ambas as organizacións sindicais en materia de salario mínimo interprofesional

Dentro destas propostas, desde os sin-

dicatos, piden que o salario mínimo, de cara ao ano 2026, suba ata os 1.273 euros brutos mensuais en 14 pagas. Esta subida, por tanto, sería de 89 euros ao mes en 14 pagas, o que supón un 7,5% con respecto ao establecido no ano 2024.

Por outra banda, a nova contía do SMI para o 2026, aseguraron, debe fixarse seguindo a senda das obrigacións asumidas

mediante a Carta Social Europea Revisada, o que supón que debe situarse, como mínimo, no 60% do salario medio nacional. Con este criterio, desde os sindicatos, espéxese que o salario mínimo en 2026 chegue aos 17.822 euros brutos anuais.

Para UGT, asegurou Fernando Luján, a subida do SMI debe ser “contundente e importante”.

O BLOQUEO DA PATRONAL NON PODE PARALIZAR A SOLUCIÓN ANTE A TRAXEDIA DAS MORTES NO TRABALLO

Redacción.- Este mércores pechábase a Mesa de Diálogo Social en materia de Prevención de Riscos Laborais sen acordo por parte da patronal. Unha patronal egoísta que impide avanzar á nosa sociedade cara centros de traballo máis seguros e libres de riscos.

As negociacións da mesa iniciáronse en febreiro de 2024, un ano despois da firma da Estratexia Española de Seguridade e Saúde no Traballo e, tras 19 meses, non foi posible o acordo pola negativa das organizacións empresariais a actualizar a Lei que conta con 30 anos de antigüidade.

A Lei de Prevención de Riscos Laborais non conseguiu alcanzar un dos seus principais obxectivos, que era o de acabar coa sinistralidade laboral, que actualmente se atopa estancada e alcanzando valores preocupantes. En 2024 morreron en accidentes laborais 833 persoas, 68 máis que as falecidas en 2023.

O Ministerio de Traballo comprometeuse a actualizar o texto consensuado cos sindicatos e desde UGT consideramos que é importante que se adapte e de resposta ás novas realidades que viven os e as traballadoras do século XXI.

Por tanto, a Lei debe adaptarse aos novos riscos do actual mercado de traballo, por exemplo, debe atender á protección da saúde mental das persoas traballadoras, xa que actualmente as baixas por este motivo están disparadas, igualmente debe dotarse de perspectiva de xénero para protexer de igual maneira a homes e a mulleres, pero tamén debe dotarse de perspectiva de idade. Ademais, debe abordar os riscos derivados da dixitalización do traballo, así como os derivados do cambio climático.



Doutra banda, débese dotar de crédito horario aos delegados e delegadas de prevención, independente do outorgado aos delegados de persoal, así como establecer a súa formación mínima e reforzar a prevención nas PEMES que son as que maiores problemas presentan á hora de xestionar os riscos laborais, para iso, desde UGT consideramos indispensable a creación dunha nova figura: o axente de prevención territorial que non supón ningún custo para as empresas.

Ademais, a modificación legislativa debería potenciar a internalización da xestión preventiva nas empresas, para iso a nova figura do interlocutor co servizo de prevención alleo resulta necesaria. Igualmente, a coordinación de actividades empresariais debe repensarse para que sexa efectiva e non só un intercambio de documentación.

A intención de UGT é que a norma sexa ampla, pero eficaz e que

deia resposta a problemas que actualmente afectan enormemente á seguridade e saúde das persoas traballadoras, por exemplo, coa obriga- ción de que as empresas dispoñan de protocolos de actuación ante temperaturas extremas e ante catástrofes naturais e tamén fronte á violencia e o acoso laboral. Tamén debe protexer a colectivos vulnerables como os menores de idade, as traballadoras do fogar, as persoas traballadoras de plataformas dixitais e todas as formas de traballo que actualmente non están protexidas na normativa vixente.

UGT considera que os actuais datos de accidentes de traballo son insoportables e é imprescindible unha Lei de prevención de riscos laborais do Século XXI que dea resposta ás necesidades das persoas traballadoras en termos de protección da súa vida e a súa saúde. O bloqueo da patronal non pode paralizar a solución ante a traxedia das mortes no traballo.